



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de abril de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día trinta de abril de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(292).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 23 de abril e extraordinaria e urxente do 24 de abril de 2020 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(293).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN “ESPAÑA CON ACNUR” (COMITÉ ESPAÑOL DO ALTO COMISIONADO DAS NACIÓNS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO HUMANITARIO “PROTECCIÓN DE FAMILIAS DESPRAZADAS POLO CONFLICTO EN YEMEN”. EXPTE. 197760/301.

Visto o informe de fiscalización do 17/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 07/04/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á

mesma, a concelleira de Política de Benestar Social e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 23.03.2020 (Código solicitude W425961-4849; Doc. nº 200044328) o/a representante da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario de asistencia e protección a 7.200 persoas desprazadas yemeníes (1.200 familias) en Sana'a e Al-Hudaydah a causa do conflito armado existente en Yemen desde hai cinco anos, a través da dotación de refuxio seguro e artigos non alimentarios de emerxencia.

I.2. Achegouse tamén agora (ou consta xa en poder desta Administración) a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 07.04.2020, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución da subvención a favor da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados, Xenebra (Suíza) 1951.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.



Concello de Vigo

- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Segundo se indica na Memoria presentada, o “Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados” (ACNUR/UNHCR) brinda protección e asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas no mundo. ACNUR foi creado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e comezou a traballar en 1951. Desde a súa creación ten proporcionado asistencia a millóns de persoas refuxiadas e desprazadas en todo o mundo, o que lle valeu o recoñecemento de dous Premios Nobel da Paz, en 1954 e 1981, e o Premio Príncipe de Asturias en 1991.

III.2. A Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) é unha ONGD, constituída o 26.11.1993 e declarada de utilidade pública, que se encarga de difundir a realidade da poboación refuxiada e desprazada de todo o mundo a través de campañas de sensibilización e educación ó desenvolvemento e de recaudar fondos para programas de emerxencia, post-emerxencia e desenvolvemento de ACNUR.

III.3. ACNUR basea o seu mandato na Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados de 1951, que ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo dos dereitos humanos das persoas refuxiadas e a non repatriación contra a súa vontade a un país onde sufran persecución. O Alto Comisionado axúdalles a repatriarse ó seu país de orixe cando as condicións así o permitan, a integrarse nos países de asilo ou a reasentarse en terceiros países.

As últimas estatísticas dispoñibles reflicten que 70,8 millóns de persoas en todo o mundo tiveron que abandonar os seus fogares, das que 25,9 millóns son refuxiadas e 41,3 millóns desprazadas internas. Tamen hai 3,9 millóns de apátridas ás que se lles negou a nacionalidade e o acceso a dereitos básicos como a educación, a sanidade, o traballo e a liberdade de circulación.

III.4. Segundo se expresa no proxecto presentado ó Concello por ACNUR:

- «Yemen ocupa el puesto 177 de un total de 188 en el Índice de desarrollo Humano (IDH). La Guerra Yemení es un conflicto armado en medio de un conflicto político de poder que está atravesando la República de Yemen, como consecuencia del golpe de Estado sufrido en 2014. La principal víctima de la guerra en Yemen está siendo la población civil. El aumento de la violencia ha perturbado millones de vidas, generando una gran cantidad de víctimas y desplazamientos masivos en la región.
- Más de 3,6 millones de personas están desplazadas internamente desde que estalló la crisis. Las necesidades humanitarias en todo Yemen siguen aumentando, impulsadas por un conflicto en curso que ha colapsado la economía, los servicios sociales paralizados y los medios de subsistencia gravemente perturbados. Al entrar en el quinto año de conflicto, la crisis humanitaria en Yemen está considerada como la peor del mundo, con un porcentaje de personas que se enfrentan a la muerte, el hambre y la enfermedad mayor que en cualquier otro país.
- El 80% de la población necesita algún tipo de asistencia y protección; 20 millones de personas padecen inseguridad alimentaria y 14 millones de personas tienen necesidades humanitarias agudas...».

En concreto, na actualidade hai 3,65 millóns de desprazados internos (607.865 fogares), así como uns 1,28 millóns de desprazados internos que regresaron ás súas comunidades de orixe (213.427 fogares), dispersos en 22 provincias de Yemen.

III.5. Neste contexto, o obxectivo xeral de ACNUR é o de protexer á poboación desprazada polo conflito en Yemen. O obxectivo específico do proxecto humanitario que se pretende subvencionar é atender as necesidades básicas de protección de 7.200 persoas desprazadas yemeníes en Sana'a e Al-Hudaydah, a través da dotación de refuxios seguros e artigos non alimentarios de emerxencia.

III.6 As beneficiarias directas do proxecto *“PROTECCIÓN DE FAMILIAS DESPRAZADAS POLO CONFLICTO EN YEMEN”* serían 7.200 persoas desprazadas nas gubernaturas de Al-Hudaydah e Sana'a. Trátase de 1.200 familias (7.200 persoas, das que 4.300, aproximadamente, son menores) que recibirán kits con artigos non alimentarios e aloxamentos de



Concello de Vigo

emergencia. Eses kits (“*CORE NON FOOD ITEMS STANDARD KITS*”) conteñen, cada un deles, os seguintes artigos: “6 mantas, 1 set de cocina -que contiene 6 vasos, 6 platos, 6 cuencos, 1 olla o 1 sartén, 6 tenedores, 6 cuchillos, 6 cucharas, 1 cazo, 1 cuchara de palo, 1 cuchillo de cocina y 1 estropajo 1 lámpara solar 1 o 2 bidones/cubos para el transporte de agua y/o en su caso de keroseno si hay suministro de estufa de keroseno....”.



III.7. A implementación do proxecto inclúe tamén a distribución de 1.200 refuxios de emergencia seguros e dignos para as familias desprazadas máis vulnerables de asentamentos informais das zonas de intervención. Os tipos de refuxio a distribuír son 3 e seleccionaránse en función das necesidades das familias e do terreo en que se situarán.



III.8. Segundo se reflicte no orzamento presentado, o custo total deste proxecto humanitario estímase en 830.700 €, dos que o Concello de Vigo achegaría 10.000 € (o 1,34%). O resto sería cofinanciado pola propia ACNUR e os seus doantes.

III.9. Nos vixentes orzamentos municipais da Concellería de Política de Benestar Social está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de ACNUR por importe de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda a Acnur”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos prevese expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «*subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrucción e ó restablecemento institucional.

III.10. Con todo, faise constar que, a fin de promover a publicidade e a concorrncia no outorgamento de axudas municipais á cooperación internacional que deben presidir esta materia, os servizos técnicos e xurídicos do Servizo de Benestar Social redactaron no ano 2016 unhas Bases que rexerían a concesión de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional, que foron informadas favorablemente polo Asesor xurídico da Área (22.07.2016) e pola Intervención xeral municipal (30.08.2016), aínda que finalmente non foron aprobadas pola XGL (Exp. nº 129097/301).

III.11. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

III.12. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.13. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA..) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento.



Concello de Vigo

mento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).

- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23.1.a)].
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.14. O proxecto presentado ó Concello de Vigo pola Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) estaría en coherencia tanto coas políticas de acción humanitaria do Estado («V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021»; Apdo. 1.2. “*Retos de la Cooperación Española*”; subapdo. 1.2.1. “*Retos globales de desarrollo*”) como da cooperación galega, concretadas no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se recolle como unha das súas

orientacións estratéxicas respostar ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade e propónse dar continuidade ó traballo con organizacións multilaterais ou especializadas neste eido como ACNUR.

III.15. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.16. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

III.17. Pola materia obxecto desta subvención (execución dun proxecto humanitario de protección de familias desprazadas polo conflito en Yemen) e a finalidade perseguida (distribución de artigos non alimentarios de emerxencia entre a poboación desprazada yemení residente nos asentamentos informais das gubernaturas de actuación do proxecto e de refuxios de emerxencia entre as familias máis vulnerables), enténdese que a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4).

No mesmo sentido exprésase, para o ámbito interno do Concello de Vigo, a Concellería delegada de Xestión municipal na súa "*Nota informativa suspensión de prazos administrativos (Estado de Alarma RD 463/2020 e RD 465/2020)*", do 20.03.2020 (Exp. nº 788/1102).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a concesión dunha subvención directa (nominativa) a "España con ACNUR" (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados), por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa directa vinculación coa protección do interese xeral.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Conceder á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario “*PROTECCIÓN DE FAMILIAS DESPRAZADAS POLO CONFLICTO EN YEMEN*”, dacordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo que constan nos expedientes de referencia.

TERCEIRO.- Aprobar e autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Asociación “España con ACNUR”, CIF G – 80757560.

CUARTO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

QUINTO.- A concesión desta subvención rexerá polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de ACNUR “*PROTECCIÓN DE FAMILIAS DESPRAZADAS POLO CONFLICTO EN YEMEN*”, consistente en atender as necesidades de protección de 7.200 persoas desprazadas yemeníes en Sana’a e Al-Hudaydah, a través da dotación de refuxio seguro e artigos non alimentarios de emerxencia.

2ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda*: as beneficiarias directas do proxecto “*PROTECCIÓN DE FAMILIAS DESPRAZADAS POLO CONFLICTO EN YEMEN*” serán 7.200 persoas desprazadas yemeníes nas gubernaturas de Al-Hudaydah e Sana’a. Trátase de 1.200 familias (7.200 persoas, das que 4.300, aproximadamente, son menores) que recibirán kits con artigos non alimentarios e aloxamentos de emerxencia.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (ACNUR), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

Dacordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes

públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de ACNUR, establece un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2020** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Informe técnico final.
- Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
- Certificado emitido pola entidade solicitante do tipo de cambio aplicado.
- Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Copia do ingreso da subvención na conta da entidade solicitante.
 - Copia da transferencia bancaria efectuada por parte da entidade solicitante á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da desagregación da transferencia bancaria efectuada á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da non existencia de gastos e intereses dos fondos outorgados o tempo que estiveron depositados na conta da entidade solicitante antes de ser transferidos á contraparte local (UNHCR/ACNUR)
- Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Copia da factura expedida por UNHCR/ACNUR xustificativa do gasto realizado.



Concello de Vigo

- Certificado da entidade solicitante acreditando a autenticidade da copia da factura.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- Protección de datos: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- Réxime xurídico aplicable: A concesión da subvención rexerese, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(294).-SUBVENCIÓN Á ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL «WORLD FOOD PROGRAMME» - WFP («PROGRAMA MUNDIAL DE ALIMENTOS» - PMA), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO HUMANITARIO: “ASISTENCIA ALIMENTARIA EN APOYO A LA INSEGURIDAD ALIMENTARIA DE LAS POBLACIONES DE LA FRANJA DE GAZA”. EXPTE. 197964/301.

Visto o informe de fiscalización do 15/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/04/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á mesma, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 07.04.2020 (Códigos solicitudes W427404-6031; Doc. nº 200047734) o WFP/PMA presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto humanitario: “ASISTENCIA ALIMENTARIA EN APOYO A LA INSEGURIDAD ALIMENTARIA DE LAS POBLACIONES DE LA FRANJA DE GAZA” - 2020, co que se pretende mellorar o consumo de alimentos e a diversidade na dieta dos fogares beneficiarios vulnerables e con inseguridade alimentaria seleccionados na franxa de Gaza.

I.2. Achegouse tamén coa solicitude a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa (“Nota conceptual”), certificación administrativa de cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo e documentación oficial acreditativa (certificados/declaracións responsables) da exención de cargas tributarias e coa Seguridade Social, Estatutos e Regulamentos polos que se rexe esta organización internacional, acreditación da representación da súa representante en España, NIF (N9581063F), certificación bancaria, etc.

I.3. Mediante Resolución do 08.04.2020, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor do WFP/PMA para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención sobre privilexios e inmunidades das Nacións Unidas, 1946.
- Convención sobre prerrogativas e inmunidades dos Organismos especializados, 1947.
- Resolución 1714 (XVI) da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, do 19 de decembro de 1961 («Programa Mundial de Alimentos»).
- Resolución 2095 (XX) da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, do 20 de decembro de 1965 (Continuación do PMA).
- Resolución 1/61 da Conferencia da FAO, do 24 de novembro de 1961 (“Utilización de excedentes alimentarios – PMA”).



Concello de Vigo

- Acordo entre o Reino de España e o PMA para o establecemento de Oficinas do PMA en España (Nova York, 19 de xullo de 2012).
- Acordo administrativo entre o PMA e o Reino de España, relativo ó uso polo PMA de oficinas e instalacións ubicadas nas Palmas de Gran Canaria (Madrid, 10 de abril de 2014).
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (registro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de registro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sis-

tema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.

- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. O «Programa Mundial de Alimentos» («World Food Programme») é a Axencia humanitaria das Nacións Unidas (NNUU) na loita contra a fame no mundo e a prol da seguridade alimentaria. Trátase dun programa autónomo subsidiario conxunto das NNUU e a FAO establecido pola Resolución 1714 da Asemblea Xeral das NNUU do 19 de decembro de 1961 e pola Resolución 1/61 da Conferencia da FAO do 24 de novembro de 1961.

III.2. O Reino de España subscribiu no ano 2012 un acordo básico co PMA/WFP para o establecemento de oficinas da Axencia en España, contando na actualidade cunha Oficina en Madrid. Neste acordo recoñécese tamén a personalidade xurídica e a capacidade xurídica de PMA/WFP para contratar, adquirir bens mobles e inmobles e dispoñer deles e para ser parte en procedementos xudiciais.

Posteriormente, en abril de 2014, as partes asinaron un acordo administrativo para o uso polo PMA/WFP das oficinas e instalacións situadas en Las Palmas de Gran Canaria.

III.3. En setembro de 2015 as NNUU aprobaron a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo no que se implicaron representantes oficiais dos 193 Estados membros, organizacións da sociedade civil, universidades, o sector privado e a cidadanía mundial. Esta renovada axenda global para o desenvolvemento substitúe á plasmada na Declaración do Milenio do ano 2000.

Un dos obxectivos do desenvolvemento sostible, no marco da Axenda 2030, asumida tanto polo «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» como polo «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» é o de poñer fin á fame (“FAME 0”), acadar a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sostible. Preténdese poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e dimensións, fomentar a resiliencia e velar porque todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade nun medio ambiente saudable.

III.4. De acordo coa documentación presentada por PMA/WFP, o obxectivo xeral das operacións do PMA/WFP en Palestina é respostar ás necesidades alimentarias inmediatas e mellorar a seguridade alimentaria e a resiliencia da poboación non refuxiada máis vulnerable e insegura.

Neste sentido, afírmase que a contribución do Concello de Vigo utilizarase para mellorar o consumo de alimentos e a diversidade na dieta dos fogares beneficiarios vulnerables e con inseguridade alimentaria seleccionados na franxa de Gaza. As familias participantes canxearán os seus cupóns dixitais por un set de alimentos localmente producidos ou procesados oportunamente.



Concello de Vigo

Afírmase tamén que esa contribución municipal axudará a acadar os seguintes obxectivos específicos:

- 1) Identificar as necesidades alimentarias urxentes e reforzar o consumo alimentario e a diversidade dietética das poboacións máis vulnerables.
- 2) Apoiar os medios de subsistencia, fomentando unha pronta recuperación e fortalecemento da resiliencia e os mecanismos de resposta ás comunidades fráxiles fronte ás dificultades socioeconómicas.
- 3) Apoiar a capacidade da Autoridade Palestina para facilitar redes nacionais de seguridade rentable e protección social e reforzar a súa disposición para responder a perturbacións externas, en colaboración con organismos das NNUU.

III.5. As persoas beneficiarias directas do proxecto “ASISTENCIA ALIMENTARIA EN APOYO A LA INSEGURIDAD ALIMENTARIA DE LAS POBLACIONES DE LA FRANJA DE GAZA” serían unhas 850 persoas, que recibirían cupóns electrónicos para alimentos por valor de 10,30\$ mensuais por persoa. Estas persoas recibirán un crédito semanal nas súas tarxetas magnéticas de PMA/WFP que poderán usar para adquirir unha variedade predeterminada de produtos alimentarios nutritivos (pan, ovos, cereais, legumes, verduras, etc.) en establecementos minoristas.

III.6. Nos vixentes orzamentos municipais está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de PMA/WFP por importe de 10.000€ con cargo á aplicación nº 2310.480.00.15 (“*Programa Mundial do Banco de Alimentos*”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos está prevista expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «*subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ó restablecemento institucional.

Con todo, faise constar que, a fin de promover a publicidade e a concorrencia no outorgamento de axudas municipais á cooperación internacional que deben presidir esta materia, os servizos técnicos e xurídicos do Servizo de Benestar Social redactaron no ano 2016 unhas Bases que rexerían a concesión de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional, que foron informadas favorablemente polo Asesor xurídico da Área (22.07.2016) e pola Intervención xeral municipal (30.08.2016), aínda que finalmente non foron aprobadas pola XGL (Exp. nº 129097/301).

III.7. O procedemento para a concesión das subvencións nominativas iníciase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do

interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

III.8. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

Conforme co disposto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do WFP/PMA e do proxecto humanitario proposto así como das súas normas reguladoras; en especial o Regulamento financeiro deste organismo internacional, establécese un réxime especial de xustificación que, en todo caso, deberá posibilitar a verificación do destino e a correcta utilización da subvención concedida.

III.9. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23.1.a]).
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes



Concello de Vigo

de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.10. No proxecto presentado ó Concello de Vigo por PMA/WFP xustifícase expresamente a súa coherencia, tanto coas políticas de acción humanitaria do Estado («V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021») como da cooperación galega, concretadas hoxe no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas respostar ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade.

III.11. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.12. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

III.13. Pola materia obxecto desta subvención (execución por WFP/PMA, Axencia humanitaria das Nacións Unidas na loita contra a fame no mundo, dun proxecto humanitario de asistencia alimentaria e mellora da resiliencia da poboación non refuxiada máis vulnerable) e as finalidades perseguidas (mellorar o consumo de alimentos e a diversidade na dieta dos fogares beneficiarios seleccionados na franxa de Gaza), enténdese que a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables

para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4).

No mesmo sentido exprésase, para o ámbito interno do Concello de Vigo, a Concellería delegada de Xestión municipal na súa “*Nota informativa suspensión de prazos administrativos (Estado de Alarma RD 463/2020 e RD 465/2020)*”, do 20.03.2020 (Exp. nº 788/1102).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a concesión dunha subvención directa (nominativa) a «World Food Programme» - WFP («Programa Mundial de Alimentos» - PMA), por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa directa vinculación coa protección do interese xeral.

SEGUNDO.- Conceder á organización internacional «World Food Programme» - WFP («Programa Mundial de Alimentos» - PMA), programa autónomo subsidiario conxunto das NNUU e a FAO na loita contra a fame no mundo e a prol da seguridade alimentaria, unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario: “*ASISTENCIA ALIMENTARIA EN APOYO A LA INSEGURIDAD ALIMENTARIA DE LAS POBLACIONES DE LA FRANJA DE GAZA*”, de acordo coa documentación presentada ó Concello de Vigo (Exp. núms. 197964/301 e 197966/301).

TERCEIRO.- Aprobar e autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á aplicación nº 2310.480.00.15 (“*Programa Mundial do Banco de Alimentos*”) dos orzamentos vixentes, a favor do «Programa Mundial de Alimentos» (WFP/PMA), CIF N9581063F.

CUARTO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión.

QUINTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto do «Programa Mundial de Alimentos» (WFP/PMA): “*ASISTENCIA ALIMENTARIA EN APOYO A LA INSEGURIDAD ALIMENTARIA DE LAS POBLACIONES DE LA FRANJA DE GAZA*”, co que se pretende mellorar o consumo de alimentos e a diversidade na dieta dos fogares beneficiarios vulnerables e con inseguridade alimentaria seleccionados na franxa de Gaza.



Concello de Vigo

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda:* as persoas beneficiarias da axuda municipal serán unhas 850 persoas, que recibirían cupóns electrónicos para alimentos por valor de 10,30\$ mensuais por persoa.

3ª.- *Crédito orzamentario:* o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.15 (“*Programa Mundial do Banco de Alimentos*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento:* tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (WFP/PMA), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

Dacordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade:* esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación:* ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do WFP/PMA e do proxecto humanitario proposto así como das súas normas reguladoras; en especial o Regulamento financeiro deste organismo internacional, establécese o seguinte réxime especial de xustificación:

- A documentación xustificativa da recepción dos fondos da subvención deberá achegarse necesariamente antes do 01.11.2020 a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por cal-

quera dos mecanismos de identificación admitidos nela, mediante un certificado emitido pola entidade beneficiaria que acredite dita recepción.

- A partir do 31.03.2021 facilitarase como xustificación da correcta execución dos fondos recibidos un “Informe Estandarizado do Proxecto” (*Standard Project Report, SPR*) relativo ó proxecto financiado con cargo á subvención municipal, asinado polo responsable competente de WFP/PMA, que conterá información narrativa e financeira sobre a execución do proxecto e a consecución de obxectivos. Así mesmo, de ser o caso, WFP/PMA poderá, a requirimento do Concello de Vigo, remitir informes adicionais ós estipulados polas súas regras e procedementos internos sobre o uso da subvención indicada, certificados pola Oficina de Auditoría Interna de WFP/PMA.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Ademais rexerese, en todo caso e no que resulte aplicable, pola Convención sobre privilexios e inmunidades das Nacións Unidas de 1946 (adhesión do Reino de España do 31.07.1974), a Convención sobre prerrogativas e inmunidades dos organismos especializados de 1947 (adhesión do Reino de España do 26.09.1974), o Acordo básico formalizado entre o Reino de España e o WFP/PMA o 19.07.2012 e o Acordo administrativo entre o Reino de España e o WFP/PMA do 10.04.2014».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(295).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DUNHA MÁQUINA DE VENDING INSTALADA NO PAVILLÓN MUNICIPAL DO BERBÉS POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE. 197778/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/04/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.

2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Segundo.- En data 24 de abril de 2020, o xefe da Área de Benestar Social, coa conformidade da concelleira de Política Social e Cíes Patrimonio da Humanidade, elabora memoria xustificativa na que pon de relevo a necesidade de contratar o subministro dunha máquina de vending de café instalada no albergue provisional habilitado do Pavillón municipal do Berbés como recurso complementario para dar resposta ás necesidades de aloxamento derivadas do estado de alarma pola crise sanitaria COVID-19 e das medidas de illamento establecidas. .

A memoria identifica as características do contrato que pretende celebrar e xustifica a elección do contratista, *MAXELGA 93 S.L.* .

As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é a contratación do subministro dos cafés dunha máquina de vending instalada no albergue provisional do Pavillón municipal do Berbés
- O prezo unitario é de 0,484 euros/café (IVE engadido).
- O prazo de execución do contrato é indeterminado en función das circunstancias mentras dure a crise do COVID-19. A efectos orzamentarios estimase unha duración aproximada de 2 meses.
- O responsable do contrato será o xefe de Area de Benestar Social.
- Forma de pago: O prezo aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura
- Non se fixa prazo de garantía dadas as características das prestacións obxecto do presente contrato cuxos efectos se esgotan no momento da finalización do mesmo.

Terceiro.- O licitador seleccionado, *MAXELGA 93 S.L.* , declara que ten aptitude para contratar.

Cuarto.- Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación, que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramítanse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia se caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.

2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ao coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal. O obxecto do contrato é obxecto do contrato é a contratación do subministro dos cafés

dunha máquina de vending instalada no albergue provisional do Pavillón municipal do Berbé.

A situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 xera a necesidade de que as Administracións desenvolvan unha labor de axuda a persoas en situación de especial vulnerabilidade. As entidades locais teñen entre as súas competencias propias a “Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social” e a “Protección da salubridade pública” (artigo 25.2.e e j da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

-II-

DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Renderase a conta xustificativa do libramento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

-III-

DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE AO GASTO

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación, que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato.

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

ACORDO

“Adxudicar o contrato de *subministro dos cafés dunha máquina de vending instalada no albergue provisional do Pavillón municipal do Berbés, á empresa MAXELGA 93 S.L. (B36711075), aplicando a tramitación de emerxencia ó abeiro do artigo 120 da LCSP.*

- *O obxecto do contrato é o subministro dos cafés dunha máquina de vending instalada no albergue provisional do Pavillón municipal do Berbés.*
- *O prezo é de 0,484 euros/café (IVE engadido).*
- *O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 2310.2279910 (Xestión COVID-19) e a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento, que dispón de crédito suficiente.*
- *O prazo de execución do contrato é indeterminado en función das circunstancias mentres dure a crise do COVID-19. A efectos orzamentarios estimase unha duración aproximada de 2 meses.*
- *O responsable do contrato será o xefe da Área de Benestar Social .*
- *Forma de pagamento: O prezo correspondente ao subministro aboaráselle ó contratista previa a presentación da correspondente factura.*
- *Non se fixa prazo de garantía dadas as características das prestacións obxecto do presente contrato cuxos efectos se esgotan no momento da finalización do mesmo”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(296).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LICENZAS WINDOWS DE ESTACIÓNS DE TRABALLO E A ACTUALIZACIÓN-MANTEMENTO DAS LICENZAS CITRIX PROPIEDAD DO CONCELO DE VIGO. EXPTE. 9006/113.

Visto o informe de fiscalización do 22/04/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 21/04/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo e a actualización-mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo (9.006-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo e a actualización-mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo (9.006-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación da subministración para a “Adquisición de Licenzas Windows de estacións de traballo e a Actualización-Mantemento de Licencias Citrix” composto por:

- *Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 04/12/2019 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.*
- *Resolución de inicio de expediente de contratación de data 16/01/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.*
- *Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 20/01/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica*
- *Memoria xustificativa do contrato de data 21/01/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal*
- *Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 23/01/2020, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 28/01/2020.*

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 184.736,04 €, que inclúe un IVE de 32.061,63 €, dende o 1 de marzo de 2020, o cal se imputará ós seguintes exercicios e partidas:



Concello de Vigo

Exercicio	Partida	Importe
2020	9207-2090000	13246,14 €
2020	9207-2279902	48332,54 €
2021	9207-2090000	13246,14 €
2021	9207-2279902	48332,54 €
2022	9207-2090000	13246,14 €
2022	9207-2279902	48332,54 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 12 de marzo de 2010 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo e a actualización-mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo (9.006-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	OZONA CONSULTING	90,00
2	TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA, S.A.U.	2,22

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OZONA CONSULTING (B-36.499.960), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OZONA CONSULTING, o día 13 de marzo de 2020, que presenta a documentación requirida o 23, 25 e 27 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, en relación co impacto na contratación municipal da normativa ditada para xestionar a crise derivada do COVID-19 (expte. 6446/241), na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos:

- A tramitación interna dos expedientes de contratación.*
- A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais.*
- A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación.*
- A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade.*
- A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3.*
- Procedementos de modificación de contratos.*
- Procedementos de cesión de contratos.*
- Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista.*
- Procedementos de prórroga dos contratos.*

2º.- Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.

3º.- Dar traslado do presente acordo ao conxunto das Áreas Delegadas de Goberno municipal, e ós responsables das áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

4º.- Dar publicidade ao presente acordo na Intranet municipal".

Quinto.- D. Ramón Ares Yáñez, en representación de Ozona Consulting, S.L., presenta con data do 25 de marzo de 2020, declaración na que manifesta a súa conformidade coa non suspensión dos prazos neste expediente

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de abril de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OZONA CONSULTING, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OZONA CONSULTING, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 5 de marzo de 2020.

Terceiro.- De conformidade co primeiro punto da disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo *“suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (...). No entanto o punto 4 establece “sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor deste real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”.*

Atendendo ao obxecto deste contrato *“o subministro dun conxunto de licenzas Microsoft Windows e a Actualización-mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo”* (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP) e ás necesidades que se pretenden satisfacer con esta contratación recollidas no apartado 2 C das citadas FEC:

“a mellora da xestión e administración do parque informático así como a simplificación das tarefas de administración, xestión, realización de copias de seguridade e despregue do entorno de traballo do usuario final, mediante o mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo así como a adquisición dun conxunto de licenzas Microsoft Windows. Elo de conformidade coas leis 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Segundo a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo de Administración Electrónica ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) “Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade” da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local e prestar soporte para proveer os servizos previstos no artigo 26”.

En base ao anterior, este contrato considérase indispensable para o funcionamento básico dos servizos, polo que procede continuar coa súa tramitación. Así mesmo consta declaración asinada por D. Ramón Ares Yáñez, en representación de Ozona Consulting, S.L. de conformidade coa non suspensión dos prazos neste expediente.

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1. Continuar coa tramitación do procedemento de adxudicación de conformidade coa motivación recollida na proposta.

2. Adxudicar a OZONA CONSULTING (B-36.499.960) o procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas Windows de estacións de traballo e a actualización-mantemento das licenzas Citrix propiedade do Concello de Vigo (9.006-113) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 182.920,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.746,45 euros.*
- Propón un número de licencias a maiores das esixidas no punto 2.a.I do PPT (VDA) de 2 licenzas.*
- Propón un número de licencias a maiores das esixidas no punto 2.a.IV do PPT (Terminal Server) de 20 licenzas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(297).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO ANOS 2020, 2021 E 2022. EXPTE. 14428/306.

Visto o informe de fiscalización do 22/04/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 21/04/2020, que di o seguinte:



Concello de Vigo

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en praias ou areas do Concello de Vigo, para os anos 2020, 2021 e 2022 conforme ao prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 07/11/2019, conformado pola concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación en data 05/12/2019.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 1.776.017,16 euros, sendo a conta correspondente ó IVE de 308.234,38 euros, que se desglosa nos seguintes importes anuais e con cargo ás partidas que se indican:

Importe anualidade 2020: 581.305,82 € euros, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 100.887,79 €;

- Con cargo á partida "1720.227.01.00 Vixilancia Praias" o importe de 326.305,82€ (IVE engadido).
- Con cargo á partida "1720.227.99.05 Asistencia Sanitaria Praias" o importe de 255.000,00€ (IVE engadido).

Importe anualidade 2021: 592.591,81 € euros, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 102.846,51 €,

- Con cargo á partida "1720.227.01.00 Vixilancia Praias" o importe de 332.640,65€ (IVE engadido).
- Con cargo á partida "1720.227.99.05 Asistencia Sanitaria Praias" o importe de 259.951,16€ (IVE engadido).

Importe anualidade 2022: 602.119,53 € euros, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 104.500,08 €.

- Con cargo á partida "1720.227.01.00 Vixilancia Praias" o importe de 337.988,56€ (IVE engadido).
- Con cargo á partida "1720.227.99.05 Asistencia Sanitaria Praias" o importe de 264.130,97€ (IVE engadido).

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao prevenido na LCSP".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de marzo de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de marzo de 2020, de INTURESPORT, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SALVAR, FORMAR Y SOCORRER, S.L.	98,69 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SALVAR, FORMAR Y SOCORRER, S.L. (B-70.608.278), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Concello de Vigo

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SALVAR, FORMAR Y SOCORRER, S.L., o día 4 de marzo de 2020, que presenta a documentación requirida o 10 e 13 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, en relación co impacto na contratación municipal da normativa ditada para xestionar a crise derivada do COVID-19 (expte. 6446/241), na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos:

- A tramitación interna dos expedientes de contratación.*
- A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais.*
- A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación.*
- A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade.*
- A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3.*
- Procedementos de modificación de contratos.*
- Procedementos de cesión de contratos.*
- Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista.*
- Procedementos de prórroga dos contratos.*

2º.- Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.

3º.- Dar traslado do presente acordo ao conxunto das Áreas Delegadas de Goberno municipal, e ós responsables das áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

4º.- Dar publicidade ao presente acordo na Intranet municipal".

Quinto.- Consta no expediente declaración asinada por D. Andrés Pastoriza Negreira, en representación da mercantil SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, S.L. na que manifesta a súa conformidade coa non suspensión dos prazos neste expediente.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de abril de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 27 de febreiro de 2020 e do acordo da Mesa de Contratación do 3 de marzo de 2020, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación do apartado 7B do Anexo I -FEC- pola súa proposición evaluable a través de fórmula, en aplicación da previsión da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- De conformidade co primeiro punto da disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo *“suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (...). Así mesmo, no seu punto 3 establece “No entanto o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo”*.

Para estes efectos consta acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do 9 de abril de 2020 e a conformidade do único licitador clasificado no procedemento (nota informativa da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado sobre interpretación da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID19, en relación coas licitacións dos contratos públicos).

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de marzo de 2020, de INTURESPORT, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Continuar coa tramitación do procedemento de adxudicación de conformidade coa motivación recollida na proposta.*
3. *Adxudicar a SALVAR, FORMAR, Y SOCORRER, S.L. (B-70.608.278) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas de Vigo anos 2020, 2021 e 2022 (14.428-306) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 1.766.253,95 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 306.539,94 euros euros.*
 - b) *Comprométese a por a disposición do servizo 300 horas cada ano no período estival.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(298).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE. 23910/332.

Visto o informe de fiscalización do 22/04/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 21/04/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de persoas adultas (23.910-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de persoas adultas (23.910-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas”.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 19/11/2019 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 19/12/2019 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas”.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 75.100,00.-€ (14.081,25.-€ na anualidade de 2020, 37.550,25.-€ na anualidade de 2021 e 23.468,75.-€ na anualidade de 2022) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de “Educación Básica de Persoas Adultas” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.16 “Programa de Educación Básica de persoas adultas”. O valor estimado do contrato estipúlase en 150.200,00.-€

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de febreiro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de persoas adultas (23.910-332) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	Licitador	Puntuación total
1	ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS	98,25 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS (G-36.657.336), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS, o día 3 de marzo de 2020, que presenta a documentación requirida o 13 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, en relación co impacto na contratación municipal da normativa ditada para xestionar a crise derivada do COVID-19 (expte. 6446/241), na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos:

- A tramitación interna dos expedientes de contratación.*
- A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais.*
- A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación.*
- A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade.*
- A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3.*
- Procedementos de modificación de contratos.*
- Procedementos de cesión de contratos.*
- Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista.*
- Procedementos de prórroga dos contratos.*

2º.- *Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.*

3º.- *Dar traslado do presente acordo ao conxunto das Áreas Delegadas de Goberno municipal, e ós responsables das áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.*

4º.- *Dar publicidade ao presente acordo na Intranet municipal".*

Quinto.- Consta no expediente declaración asinada por D^a. MARÍA FERNANDA GARCÍA COLLAZO, en representación da ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS na que manifesta a súa conformidade coa non suspensión dos prazos neste expediente.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de abril de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 19 de febreiro de 2020 e o acordo da Mesa de Contratación do 27 de febreiro de 2020 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- De conformidade co primeiro punto da disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto



Concello de Vigo

465/2020, do 17 de marzo *“suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (...). Así mesmo, no seu punto 3 establece “No entanto o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo”.*

Para estes efectos consta acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do 9 de abril de 2020 e a conformidade do único licitador clasificado no procedemento (nota informativa da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado sobre interpretación da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID19, en relación coas licitacións dos contratos públicos).

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- “1. Continuar coa tramitación do procedemento de adxudicación de conformidade coa motivación recollida na proposta.*
- 2. Adxudicar a ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS (G-36.657.336) o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de persoas adultas (23.910-332) coas seguintes condicións:*
 - a) O prezo total do contrato é de 74.852,00 euros (exento de IVE)*
 - b) Comprométese á impartición dunha actividade complementaria de carácter mensual dentro do horario lectivo, de conformidade co contemplado no punto 7.2.b do PPT.*
 - c) Comprométese á impartición dunha actividade extraescolar mensual fóra do horario lectivo, de conformidade co contemplado no punto 7.2.b do PPT.*
 - d) Comprométese á impartición dun curso anual específico de formación de persoal, de duración igual ou maior de 10 horas, de conformidade co contemplado no punto 7.2.d do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(299).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS, DO CONCELLO DE VIGO (LOTE 1 E LOTE 2). EXPTE. 13218/445.

Visto o informe de fiscalización do 27/04/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 21/04/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de novembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do “Servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do concello de Vigo (Lote 1 e Lote 2)”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías en data 24 de abril de 2019 .

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 6 de novembro 2019.



Concello de Vigo

Cuarto- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS MIL EUROS (400.000,00 EUROS), sendo a partida correspondente ao IVE de 69.421,49 €.

Por ter o financiamento carácter de gasto plurianual aplicarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo a seguinte distribución por anualidades:

		2019	2020	2021	Total
Lote nº1: Camións, buses e maquinaria	214.00.00.-	9.583,33 €	115.000,00 €	105.416,67 €	230.000,00 €
	221.11.00.-	2.083,33 €	25.000,00 €	22.916,67 €	50.000,00 €
Lote nº2: Motocicletas	214.00.00.-	4.583,33 €	55.000,00 €	50.416,67 €	110.000,00 €
	221.11.00.-	416,67 €	5.000,00 €	4.583,33 €	10.000,00 €
	TOTAL	16.666,66 €	200.000,00 €	183.333,34 €	400.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de febreiro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445) na seguinte orde descendente:

Lote 1: “Camións, autobuses e maquinaria”:

Licitador	Puntuación total
1. TALLERES GARCÍA BARREIRO S.L.	98,00

Lote 2: “Motocicletas”:

Licitadores	Puntuación total
1. ÁNGEL LEIRÓS MOTOS S.L.	94,00
2. GRUPO ELGONSA S.L.	54,03

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TALLERES GARCÍA BARREIRO S.L. (B-36.781.730) (lote 1) e ÁNGEL LEIRÓS MOTOS S.L. (B-36.637.593) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar

desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TALLERES GARCÍA BARREIRO S.L. (lote 1) e ÁNGEL LEIRÓS MOTOS S.L. (lote 2), o día 3 de marzo de 2020, que presentan a documentación requirida o 12 e o 16 de marzo de 2020, respectivamente, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, en relación co impacto na contratación municipal da normativa ditada para xestionar a crise derivada do COVID-19 (expte. 6446/241), na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos:

- *A tramitación interna dos expedientes de contratación.*
- *A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais.*
- *A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación.*
- *A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade.*
- *A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3.*
- *Procedementos de modificación de contratos.*
- *Procedementos de cesión de contratos.*
- *Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista.*
- *Procedementos de prórroga dos contratos.*

2º.- Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.

3º.- Dar traslado do presente acordo ao conxunto das Áreas Delegadas de Goberno municipal, e ós responsables das áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

4º.- Dar publicidade ao presente acordo na Intranet municipal”.



Concello de Vigo

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de abril de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, TALLERES GARCÍA BARREIRO S.L. (lote 1) e ÁNGEL LEIRÓS MOTOS S.L. (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosa para a administración contratante son as formuladas por TALLERES GARCÍA BARREIRO S.L. (lote 1) e ÁNGEL LEIRÓS MOTOS S.L. (lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 20 de xaneiro e 20 de febreiro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- De conformidade co primeiro punto da disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo *“suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (...). No entanto o punto 4 establece “sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor deste real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”*.

Atendendo ao obxecto deste contrato “a prestación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios” (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP) e ás necesidades que se pretenden satisfacer con esta contratación “o mantemento dos vehículos da flota municipal para o seu correcto

funcionamento e sendo competencia do Concello a conservación dos seus bens (Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas)” (apartado 2 C das citadas FEC), considérase que este contrato é indispensable para o funcionamento básico dos servizos, polo que procede continuar coa súa tramitación.

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1. Continuar coa tramitación do procedemento de adxudicación de conformidade coa motivación recollida na proposta.

2. Adxudicar a TALLERES GARCÍA BARREIRO S.L. (B-36.781.730) o lote 1 “camións, buses e maquinaria” do procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445) por un prezo total de 280.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 48.595,04 euros e segundo os prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

3. Adxudicar a ÁNGEL LEIRÓS MOTOS S.L. (B-36.637.593) o lote 2 “motocicletas” do procedemento aberto mixto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do Concello de Vigo (lote 1 e lote 2) (13.218-445) por un prezo total de 120.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.826,47 euros, e cunha porcentaxe de desconto para os prezos unitarios derivados dos elementos necesarios para os servizos ou subministros obxecto deste contrato do 15% e cunha porcentaxe de desconto para a determinación dos prezos unitarios para o custo de man de obra do 8,57%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(300).- PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DA ESTRUCTURA SALARIAL DOS TRABALLADORES BENEFICIARIOS DO “ACORDO MARCO DE REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO 2001-2007”. EXPTE. 17046/77.

Visto o informe de fiscalización do 22/04/2020, dáse conta do informe-proposta de data 27/04/2020, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento



Concello de Vigo

Local (Resolución do 23/10/2019) e o polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. O Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, que se atopa prorrogado para o presente ano, resulta de aplicación a todo o persoal beneficiario contratado nos distintos programas de emprego.

II. Segundo o reflectido nos seus artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as), *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano.*

Porén, por mor da entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, non se realizaron actualizacións salariais aos traballadores contratados con cargo ao Plan Municipal de Emprego.

III. A entrada en vigor do Real decreto 742/2016, do 30 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2017, determinou que aos peóns beneficiarios do Programa se lles aplicase unha suba do 1,96%, en tanto que ao resto dos salarios só se lles incrementou o 1%.

Así mesmo, o Real decreto 1077/2017, do 29 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2018 - a fin de equiparar o salario do persoal que tiña unhas retribucións inferiores ao SMI establecido - fixou un incremento retributivo do 4%, en tanto que o resto dos salarios non sufriron modificación.

IV. A tenor das devanditas adecuacións retributivas, producíronse as seguintes disfuncións:

1. Desde o ano 2010 ao ano 2016, as retribucións do persoal beneficiario dos programas de inserción acollidos ao Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego, non sufriron modificacións.
2. As retribucións salariais establecían unhas diferencias salariais entre as distintas categorías, que ata o 2016, suporían, de xeito resumido:

a) Licenciado a Diplomado	20,53%
b) Diplomado a Xefe administrativo/Capataz	15,03%
c) Xefe administrativo/Capataz a Oficiais	7,37%
d) Oficiais a Aux.Administrativo/Peóns	5,00%

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Diferencia % co grupo inferior
Licenciado	1.150,24	191,71	1.341,94	1.341,94	8411/a	32,10	430,76	1.772,71	20,53%
Diplomado	954,35	159,06	1.113,40	1.113,40	8411/a	32,10	357,40	1.470,81	15,03%
Xefe administrativo	829,65	138,28	967,93	967,93	8411/a	32,10	310,70	1.278,63	7,37%
Delineante	829,65	138,28	967,93	967,93	84/-	32,75	317,00	1.284,92	
Tecnico PRL	829,65	138,28	967,93	967,93	84/-	32,75	317,00	1.284,92	
Capataz-Construcción	829,65	138,27	967,92	967,92	84/d	37,80	365,87	1.333,80	
Auxiliar topografo	772,70	128,78	901,48	901,48	84/-	32,75	295,24	1.196,72	
Oficial albanel	772,70	128,78	901,48	901,48	84/d	37,80	340,76	1.242,24	5,00%
Oficial electricista	772,70	128,78	901,48	901,48	84/d	37,80	340,76	1.242,24	
Oficial fontaneiro	772,70	128,78	901,48	901,48	84/d	37,80	340,76	1.242,24	
Of. Carpintería aluminio	772,70	128,78	901,48	901,48	84/d	37,80	340,76	1.242,24	
Oficial Carpintería metálica	772,70	128,78	901,48	901,48	84/d	37,80	340,76	1.242,24	
Of. Desinfección	772,70	128,78	901,48	901,48	84/g	34,70	312,81	1.214,30	
Of. Carpintería madeira	772,70	128,78	901,48	901,48	84/d	37,80	340,76	1.242,24	
Of. Pintor	772,70	128,78	901,48	901,48	84/d	37,80	340,76	1.242,24	
Of. mecánica automoción	772,70	128,78	901,48	901,48	84/d	37,80	340,76	1.242,24	
Of. xardinaria	772,70	128,78	901,48	901,48	84/g	34,70	312,81	1.214,30	
Of. conducción	772,70	128,78	901,48	901,48	84/f	32,75	295,23	1.196,71	
Auxiliar administrativo	735,90	122,65	858,55	858,55	84/a	33,75	289,76	1.148,31	
Peón Xardinaria-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	1.156,47	
Peón construción	735,90	122,65	858,55	858,55	84/d	37,80	324,53	1.183,08	

3. Coa adecuación retributiva resultado da aplicación do incremento salarial establecido a nivel xeral a todos os postos (1%), e a adecuación salarial aos postos máis baixos ao SMI do ano 2017, as diferencias retributivas no caso de beneficiarios quedarían reflectidas dacordo coas porcentaxes que se indican a continuación:

- | | |
|--|--------|
| a) Licenciado a Diplomado | 20,53% |
| b) Diplomado a Xefe administrativo/Capataz | 15,03% |
| c) Xefe administrativo/Capataz a Oficiais | 2,26% |
| d) Oficiais a Aux.Administrativo/Peóns | 4,01% |

4. Coa adecuación salarial aos postos máis baixos ao SMI do ano 2018, as diferencias retributivas no caso de beneficiarios quedaría reflectida nas porcentaxes que se indican a continuación:

- | | |
|--|--------|
| a) Licenciado a Diplomado | 20,53% |
| b) Diplomado a Xefe administrativo/Capataz | 15,03% |
| c) Xefe administrativo/Capataz a Oficiais | 2,26% |
| d) Oficiais a Aux.Administrativo/Peóns | 0,03% |



Concello de Vigo

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2018										2017-2018	
Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Incremento Salarial %	Diferencia salarial cat. Inferior
1	Licenciado	1.043,54	173,92	1.217,46	1.217,46	8411/a	32,10	390,81	1.608,27	0,00 %	20,53 %
1	Diplomado	865,82	144,30	1.010,12	1.010,12	8411/a	32,10	324,25	1.334,37	0,00 %	15,03 %
1	Xefe administrativo	752,69	125,45	878,14	878,14	8411/a	32,10	281,88	1.160,02	0,00 %	2,26 %
1	Delineante	752,69	125,45	878,14	878,14	84/-	32,75	287,59	1.165,73	0,00 %	
1	Tecnico PRL	752,69	125,45	878,14	878,14	84/-	32,75	287,59	1.165,73	0,00 %	
1	Capataz- Construción	752,69	125,45	878,14	878,14	84/d	37,80	331,94	1.210,07	0,00 %	
1	Auxiliar topografo	736,09	122,68	858,77	858,77	84/-	32,75	281,25	1.140,02	0,00 %	
1	Oficial albanel	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	0,00 %	0,03 %
1	Oficial electricista	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	0,00 %	
1	Oficial fontaneiro	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	0,00 %	
1	Of. Carpintería aluminio	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	0,00 %	
1	Oficial Carpintería metálica	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	0,00 %	
1	Of. Desinfección	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	1.156,77	0,00 %	
1	Of. Carpintería madeira	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	0,00 %	
1	Of. Pintor	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	0,00 %	
1	Of. mecánica automoción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	0,00 %	
1	Of. xardinaria	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	1.156,77	0,00 %	
1	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	32,75	281,25	1.140,02	0,00 %	
1	Auxiliar administrativo	735,90	122,65	858,55	858,55	84/a	33,75	289,76	1.148,31	3,98 %	
1	Peón Xardinaria-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	1.156,47	3,98 %	
1	Peón construción	735,90	122,65	858,55	858,55	84/d	37,80	324,53	1.183,08	3,98 %	

5. Esta situación supoñía que o posto de Capataz tivese unha diferenza salarial do 2,26% (19,37 €/mes), con relación aos Oficiais de Oficios, cando as funcións do posto de Capataz conleva:

- Impulsar, dirixir e controlar o persoal ao seu cargo, planificando e coordinando as tarefas dacordo coas instrucións recibidas do seu superior xerárquico.
- Supervisar as actuacións do persoal, corrixindo as posibles deficiencias que observe, dacordo cos protocolos de actuación recibidos, a distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.
- Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.
- Supervisar e instruír, se fose preciso, ao persoal ao seu cargo nos traballos propios da súa especialidade, etc.

6. Doutra banda supoñía que o posto de Oficial de Oficios tivese unha diferenza salarial do 0,03% (0,22 €/mes), con relación aos Peóns, cando as funcións do posto de Oficial de Oficios conleva ademais do total dominio do seu oficio, as tarefas propias da súa categoría en función da súa especialidade:

- Coidado e control do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realizar as súas funcións.
- Desenvolver as tarefas propias da súa profesión con capacidade suficiente para realizar os traballos propios do oficio.
- Dirixir as tarefas do persoal de inferior categoría.
- Executar as ordes de traballo que se lle asignen, dacordo coa súa especialidade.
- Cumplimentación dos partes de traballo realizado.
- Manexar toda a maquinaria e equipo usados no seu oficio ou especialidade.

V. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de novembro de 2018, adoptou o acordo de "Actualización salarial do persoal contratado polo Concello de Vigo, acollido ao "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME (Exp.15605/77), derivadas da entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, aplicando unha suba na porcentaxe do 1,5 % con efectos desde o 01/01/2018 e do 0,25 % adicional con efectos desde o 01/07/2018, a todos os traballadores e traballadoras contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, agás ao persoal aos que lles resultou de aplicación a suba do salario mínimo interprofesional para o ano 2018 (peóns e auxiliares administrativos).

Categoría	Nº postos	Salario mes	Incremento Salarial	Salario mes Actualizado 01/08/18	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes Coas dúas actualizac. 2018
Auxiliar topografo	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/a	33,75	294,92	1.168,75	1.168,75
Delineante	1	763,98	1,91	765,89	127,65	893,54	893,54	84/-	31,75	283,70	1.177,24	1.177,24
Tecnico PRL	1	763,98	1,91	765,89	127,65	893,54	893,54	84/-	32,75	292,63	1.186,17	1.186,17
Capataz-Construción	4	763,98	1,91	765,89	127,65	893,54	893,54	84/d	37,80	337,76	1.231,30	4.925,19
Oficial albanel	14	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	16.857,97
Oficial electricista	2	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	2.408,28
Oficial fontaneiro	2	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	2.408,28
Of. Carpintería aluminio	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	1.204,14
Oficial Carpintería metálica	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	1.204,14
Of. Desinfección	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/g	34,70	303,22	1.177,05	1.177,05
Of. Carpintería madeira	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	1.204,14
Of. Pintor	2	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	2.408,28
Of. mecánico automoción	1	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/d	37,80	330,31	1.204,14	1.204,14
Of. xardinaría	10	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/g	34,70	303,22	1.177,05	11.770,52
Of. conducción	12	747,13	1,87	749,00	124,83	873,83	873,83	84/f	37,80	330,31	1.204,14	14.449,69

VI. Como consecuencia da entrada en vigor do Real Decreto 1462/2018, do 21 de decembro, que fixaba o salario mínimo interprofesional para o ano 2019, as retribucións salariais **aplicables a todas as categorías profesionais dos traballadores beneficiarios** do Acordo Marco, **se equiparou en 900€ ao mes** (actualización salarial tramitada en expte. 16.124/77).

VII. Con data 20/01/2020 elevouse informe-proposta asinado pola xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinado en data 21/01/2020, para a adopción de acordo pola Xunta de Goberno Local nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da Área de Recursos Humanos e Formación e da Intervención Xeral Municipal, a fin de proceder á actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiarios/as do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade de cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, dacordo coa seguinte táboa:



Concello de Vigo

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Licenciado	1.727,40	287,90	2.015,30	2.015,30	84/a	32,75	660,01	2.675,31
Diplomado	1.473,77	245,63	1.719,40	1.719,40	84/a	32,75	563,10	2.282,50
Xefe administrativo	1.175,54	195,92	1.371,46	1.371,46	84/a	32,75	449,15	1.820,62
Delineante	1.175,54	195,92	1.371,46	1.371,46	84/-	32,75	449,15	1.820,62
Tecnico PRL	1.175,54	195,92	1.371,46	1.371,46	84/-	32,75	449,15	1.820,62
Capataz-Construción	1.175,54	195,92	1.371,46	1.371,46	84/d	37,80	518,41	1.889,88
Auxiliar topografo	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/-	32,75	382,42	1.550,13
Oficial albanel	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/d	37,80	441,39	1.609,10
Oficial electricista	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/d	37,80	441,39	1.609,10
Oficial fontaneiro	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/d	37,80	441,39	1.609,10
Of. Carpintería aluminio	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/d	37,80	441,39	1.609,10
Oficial Carpintería metálica	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/d	37,80	441,39	1.609,10
Of. Desinfección	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/g	34,70	405,19	1.572,90
Of. Carpintería madeira	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/d	37,80	441,39	1.609,10
Of. Pintor	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/d	37,80	441,39	1.609,10
Of. mecánica automoción	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/d	37,80	441,39	1.609,10
Of. xardinaría	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/g	34,70	405,19	1.572,90
Of. conducción	1.000,89	166,82	1.167,71	1.167,71	84/f	32,75	382,42	1.550,13
Auxiliar administrativo	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/a	32,75	343,88	1.393,88
Peón Xardinaría-Forestal	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/g	34,70	364,35	1.414,35
Peón construción	900,00	150,00	1.050,00	1.050,00	84/d	37,80	396,90	1.446,90

VIII. Remitido o expediente á Área de RRHH e Formación, constan emitidos os informes asinados en datas 4 e 6 de febreiro de 2020 pola técnica de relacións laborais e o informe da xefa de Área de RRHH e Formación asinado o 17 de febreiro de 2020, pronunciándose sobre a proposta formulada por este servizo xestor respecto dos seguintes aspectos:

-Axuste da proposta de acordo contida no expediente ao marco normativo laboral rector do persoal incluído no ámbito de aplicación indicado e susceptible de verse afectado polo acordo que se adopte;

-Incidencia da proposta de acordo contida no expediente na xestión das obrigas empresariais do Concello de Vigo coa Seguridade Social, así como na xestión retributiva e administrativa do persoal laboral susceptible de verse afectado polo acordo que se adopte;

-observacións de necesaria realización que, dentro da especialidade técnica de relacións laborais, estime procedente informar.

IX. En atención aos devanditos informes obrantes no expediente, procedeuse a incorporar na táboa salarial do persoal traballador beneficiario a nova contía do Salario Mínimo Interprofesional por importe de 950€ aprobado para o ano 2020 (mediante Real Decreto 231/2020, do 4 de febreiro, publicado no BOE do 5 de febreiro de 2020), e previa reunión informativa co Comité de Persoal do Concello de Vigo, procedeuse á convocatoria da Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da proposta de actualización salarial do persoal beneficiario deste servizo xestor e das estimacións de contratación para 2020, á que non se formulou ningunha obxección:

CALCULO SALARIOS ACORDO MARCO 2020									
Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Diferencia % co grupo inferior
Licenciado	1.823,36	303,89	2.127,25	2.127,25	84/a	32,75	696,68	2.823,93	17,21%
Diplomado	1.555,64	259,27	1.814,91	1.814,91	84/a	32,75	594,38	2.409,30	25,37%
Xefe administrativo	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/a	32,75	474,10	1.921,75	17,45%
Delineante	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/-	32,75	474,10	1.921,75	
Tecnico PRL	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/-	32,75	474,10	1.921,75	
Capataz-Construcción	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/d	37,80	547,21	1.994,86	
Auxiliar topografo	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/-	32,75	403,67	1.636,24	
Oficial albanel	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48	11,21%
Oficial electricista	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48	
Oficial fontaneiro	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48	
Of. Carpinteria aluminio	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48	
Oficial Carpintería metálica	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48	
Of. Desinfección	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/g	37,80	465,91	1.698,48	
Of. Carpinteria madeira	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48	
Of. Pintor	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48	
Of. mecánica automoción	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48	
Of. xardinaria	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/g	37,80	465,91	1.698,48	
Of. conducción	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/f	37,80	465,91	1.698,48	
Auxiliar administrativo	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/a	32,75	362,98	1.471,31	0,00 %
Peón Xardinaria-Forestal	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/g	37,80	418,95	1.527,28	
Peón construcción	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28	

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia da proposta de gasto para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias: a) a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos*; b) a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores*; d) a *concorrenza a convocatorias de subvencións ou axudas, así coma a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter coxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.*

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e



Concello de Vigo

sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas ao abeiro do Plan Municipal de Emprego 2004-2007", resulta de aplicación a todo o persoal beneficiario contratado nos distintos programas de emprego e continúa vixente, ao non constar denuncia do mesmo, tal e como reflicten os máis recentes pronunciamentos dos xulgados de Vigo (PO 909/2019 Xulgado do Social nº 1 e PO 640/2019 Xulgado do Social nº 2), que aluden á sentenza do TSXG do 14/05/2013, recurso 5159/2010.

Tal e como reflicte o propio Acordo Marco: *O papel da Administración local como empregador, fomentando o emprego en primeira persoa, está refrendado polo feito consolidado de ser a administración receptora da maior parte das subvencións públicas para o fomento do emprego. Así, a maiores do seu cadro de persoal de traballadores/as, realiza contratos de traballo temporais co obxecto de facilitar a incorporación ao mercado laboral normalizado do maior número posible de persoas desempregadas.*

A sentenza invocada da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 14/05/2013, recurso 5159/2010, ratifica este pronunciamento reflectindo ao respecto: *"En resumen, ni por vía de discriminación, ni por vía de aplicación normativa, es de aplicación el Convenio Colectivo de los empleados del Concello de Vigo a los trabajadores temporales no integrados en su cuadro de personal, y por tanto, ajenos al sistema de retribución y selección regulado en dicho Convenio, por hallarse contratados en el marco de un Plan de Empleo Municipal al amparo del Acuerdo Marco citado"*

O vixente Acordo Marco, foi resultado das reflexións respecto do anterior Plan municipal de emprego 2000-2003 e *dun proceso de negociación e consulta entre as partes, o Goberno e as centrais sindicais CC.OO, UGT e CIG, polo que se acordou subscribir dito documento como referencia retributiva e de condicións sociais para aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado plan.*

O Capítulo 3 do Acordo Marco está adicado á *Xestión e seguimento*, formado polos artigos 17 (*Comisión Paritaria de Seguimento*) e 18 (*Contratacións*).

De conformidade co anteriormente exposto, queda determinada a competencia municipal da presente proposta de gasto para a actividade de fomento do emprego, actividade considerada prioritaria desta Administración municipal mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 0903/2012,

en atención ao seu persoal beneficiario e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

II. Actualización da estrutura salarial do Acordo Marco:

Tal e como reflicten os antecedentes da presente proposta, aos salarios fixados no Acordo Marco aplicáronse sucesivamente os correspondentes incrementos de IPC, porén e como consecuencia dos sucesivos incrementos do Salario Mínimo Interprofesional produciuse un desequilibrio nas retribucións das distintas categorías.

Neste contexto, formúlase a presente proposta de actualización salarial, informada favorablemente pola Área de RRHH e Formación respecto do seu pleno axuste ao marco normativo laboral reitor do persoal incluído no seu ámbito de aplicación.

A tenor do establecido no Capítulo 3 para a *Xestión e seguimento* do Acordo Marco, o pasado 5 de marzo de 2020 foi convocada a Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da proposta de actualización salarial do persoal beneficiario deste servizo xestor e das estimacións de contratación para 2020, á que non se formulou ningunha obxección.

A tenor das circunstancias expostas e, constando dispoñibilidade orzamentaria para as retribucións do persoal temporal beneficiario dacordo cos vixentes orzamentos municipais aprobados polo Pleno para o ano 2020, remítese o expediente á Intervención xeral municipal para a análise da legalidade do gasto e da existencia de crédito no exercicio da función fiscalizadora da presente proposta de actualización da estrutura salarial do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*" - que continúa vixente ao non constar denuncia do mesmo - a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade correspondente a cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións.

III. Órgano competente:

De conformidade co artigo 127.1.g) e h) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe previo e preceptivo da Intervención xeral municipal ao abeiro do artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

IV. Recursos:

Dacordo co disposto nos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.



Concello de Vigo

Segundo o establecido nos artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

V. Motivación da tramitación do procedemento, conforme a Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020 de 14 de marzo:

A disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma pola situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Porén, dita regra xeral admite excepcións, entre outros supostos, para a continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020).

En relación co anterior, a tramitación do procedemento ven motivada na posta en marcha das contratacións do persoal beneficiario dos distintos programas de emprego consignados nos vixentes orzamentos municipais de 2020, para tratar de paliar as consecuencias económicas provocadas polo COVID-19 nas persoas desempregadas.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da Área de Recursos Humanos e Formación e da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá mediante Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO:

PRIMEIRO: Continuar a tramitación da proposta de actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiarios/as do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", prorrogado para o presente ano, a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade de cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, resultando indispensable para a posta en marcha das contratacións do persoal beneficiario dos distintos programas de emprego consignados nos vixentes orzamentos municipais de 2020, para tratar de paliar as consecuencias económicas provocadas polo COVID-19 nas persoas desempregadas.

SEGUNDO: Aprobar, de conformidade coa motivación anteriormente exposta, a proposta de actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiarios/as do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*" - que continúa vixente ao non constar denuncia do mesmo - logo da Comisión de Seguimento do Acordo Marco reunida o pasado 5 de marzo de 2020, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG

con lexitimación para a negociación da dita proposta de actualización salarial do persoal beneficiario, a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade correspondente a cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións, dacordo co reflectido na seguinte táboa:

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Licenciado	1.823,36	303,89	2.127,25	2.127,25	84/a	32,75	696,68	2.823,93
Diplomado	1.555,64	259,27	1.814,91	1.814,91	84/a	32,75	594,38	2.409,30
Xefe administrativo	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/a	32,75	474,10	1.921,75
Delineante	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/-	32,75	474,10	1.921,75
Tecnico PRL	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/-	32,75	474,10	1.921,75
Capataz-Construción	1.240,84	206,81	1.447,65	1.447,65	84/d	37,80	547,21	1.994,86
Auxiliar topografo	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/-	32,75	403,67	1.636,24
Oficial albanel	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48
Oficial electricista	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48
Oficial fontaneiro	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48
Of. Carpintería aluminio	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48
Oficial Carpintería metálica	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48
Of. Desinfección	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/g	37,80	465,91	1.698,48
Of. Carpintería madeira	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48
Of. Pintor	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48
Of. mecánica automoción	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/d	37,80	465,91	1.698,48
Of. xardinaria	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/g	37,80	465,91	1.698,48
Of. conducción	1.056,49	176,08	1.232,57	1.232,57	84/f	37,80	465,91	1.698,48
Auxiliar administrativo	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/a	32,75	362,98	1.471,31
Peón Xardinaria-Forestal	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/g	37,80	418,95	1.527,28
Peón construción	950,00	158,33	1.108,33	1.108,33	84/d	37,80	418,95	1.527,28

TERCEIRO: Dar conta do presente acordo á Área de RRHH e Formación, á Tesourería Municipal, á Asesoría Xurídica Municipal e á Intervención Xeral Municipal, e ordenar a súa publicación no portal de transparencia, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(301).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA MENORES FILLAS/OS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9846/224.

Visto o informe xurídico do 15/04/2020 e informe de fiscalización do 21/04/2020, dáse conta do informe-proposta de data 23/04/2020, asinado pola axente de



Concello de Vigo

Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

. Coa execución deste contrato perséguese a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero. Este programa desenvólvese dentro da atención integral a vítimas de violencia de xénero que se ofrece no Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

. A través deste programa, preténdese ofrecer unha atención psicolóxica individualizada aos fillos e fillas menores de idade de mulleres vítimas de violencia de xénero, de cara a intervir os efectos negativos que a exposición a violencia de xénero ten para o seu desenvolvemento psicolóxico e emocional. As sesións teñen principalmente 3 finalidades:

- asistencial (no tratamento da/o menor);
- psicoeducativa (coas nais);
- preventiva (a/o menor exposta/o á violencia de hoxe é posible agresor no futuro ou unha posible vítima de violencia na parella).

. Os obxectivos principais son:

- minimizar o impacto psicolóxico que produce este tipo de violencia sobre as/os menores e
- axudar as mulleres no seu rol de nais.

. O acceso ao servizo realizarase mediante valoración do equipo profesional do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

. As necesidades a satisfacer pola administración coa presente contratación consisten na execución do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero, coas que se intervirá a través do perfil profesional da psicoloxía.

. A prestación do servizo realizarase en xornada semanal de 10 horas, en horario flexible de mañá e tarde en función das necesidades do servizo e de cada unidade familiar atendida.

. Desde o Servizo de Igualdade xustificouse a necesidade e a idoneidade de tramitar un expediente de contratación mediante contrato maior de servizos previsto no artigo 17 da LCSP. O procedemento será aberto simplificado, conforme o establecido no artigo 156 e 159 da LCSP, determinado porque a contía do valor estimado deste contrato de servizos (e as súas posibles prórrogas) será inferior a 100.000 €. A forma de tramitación será a ordinaria con múltiples criterios de adxudicación, conforme o establecido no artigo 145 da LCSP. O informe asinouse en data 23.01.2020 e foi incorporado ao expediente.

. Consta no expediente Resolución de data 23.01.2020 da concelleira delegada de Igualdade autorizando o inicio do expediente.

. Este órgano xestor incorpora ao expediente os seguintes documentos:

- Prego de Prescricións Técnicas, asinado en data 10.03.2020, incorporando no seu anexo o informe da actual adxudicataria do servizo sobre o persoal adscrito ao mesmo (documento con entrada no Rexistro Xeral do Concello nº W422340-9471), en cumprimento da obriga disposta no artigo 130 da LCSP.
- Memoria Xustificativa asinada en data 10.03.2020.

- . En data 14.04.2020, o servizo de Contratación emite informe favorable sobre comprobación da documentación esixida pola normativa, e o 17.03.2020 asina e incorpora ao expediente o prego de prescricións administrativas particulares (PCAP).
- . Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de un ano, coa posibilidade de realizar como máximo catro prórrogas, cunha duración de un ano cada unha.
- . Segundo se motiva na memoria xustificativa, o importe do contrato (sen IVE) é de 14.938,06 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas e a posible modificación do contrato prevista, é de 77.677,91 €.
- . O prezo do contrato 14.938,06 €. Tendo en conta o seu obxecto, este contrato estará exento de IVE, conforme o estipulado no artigo 20.3 da Lei 37/1922, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido. Consta no expediente o informe que xustifica esta circunstancia, elaborado polo Tribunal Económico Administrativo Municipal, de data 10/03/2020.
- . Establécese un prezo unitario de 28,73 €/hora, que será aplicable só para efectos de modificación do contrato, ao que se lle aplicará a correspondente baixa achegada pola adxudicataria.
- . As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da partida orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dos exercicios 2020 e 2021, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2020 imputarase 3.734,52 €, e no exercicio 2021 imputarase 11.203,54 €.

Normativa de aplicación:

- Lei orgánica 1/2004, de 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación. Art. 156, 159. 1-5.

Excepcionalidade da suspensión de prazos:

Consta no expediente o informe xurídico favorable de data 15/04/2020 e informe de fiscalización de data 21/04/2020.



Concello de Vigo

Non obstante, cómpre ampliar o contido do informe proposta asinado con data 14/04/2020 pola axente de igualdade, a xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira de Igualdade e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, co obxecto de introducir unha cláusula que faga referencia á resolución motivada *á que se refire a D.A.3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo*, e permita a continuidade da tramitación deste expediente.

A crise sanitaria xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019 provocou a adopción de numerosas normas ditadas polas diferentes administracións territoriais, Estado, Comunidade autónoma de Galicia e Concello, adoptando medidas para superala.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, modificado polo R.D 465/2020, e prorrogado polo Real Decreto 476/2020 e polo Real Decreto 487/2020, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Na súa disposición adicional terceira interrompe os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, pero establece a posibilidade de acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos. Tamén permite acordar medidas de ordenación e instrución sempre que sexan estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento, se este manifesta a súa conformidade e se acorde en resolución motivada.

O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo RDL 11/2020, regula no seu artigo 34 medidas en materia de contratación pública, determina que contratos en execución están suspendidos, total o parcialmente (apartado 1), e que contratos non se poden suspender (apartado 6).

O Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, por el que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas trabadoras por conta ajena que non presten servizos esenciais, con o fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.

No seu anexo: *No será objeto de aplicación el permiso retribuido regulado en el presente real decreto-lei a las siguientes personas trabajadoras por cuenta ajena, por tanto considérase servizo esencial (entre outros) Las que prestan servizos relacionados con la protección y atención de víctimas de violencia de género*

O Real Decreto-Ley 12/2020, de 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia a as vítimas de violencia de género, considera os servizos de atención as vítimas de violencia de xénero servizos esenciais.

En concreto, no seu artigo 2.3 establece que: *Las Administraciones Públicas competentes garantizarán la prestación de los servicios de asistencia social integral, consistentes en orientación jurídica, psicológica y social destinadas a las víctimas de violencia género, que viniesen funcionando con anterioridad a la declaración del estado de alarma, adaptando, en su caso, su prestación a las necesidades excepcionales derivadas del estado de alarma.*

A Orde SND/ 295/2020, de 26 de marzo, por a que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 outorga, aos servizos sociais contidos no Catálogo de Referencia aprobado polo Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención a Dependencia o 16 de xaneiro de 2013, a consideración de servizos esenciais.

O dito Catálogo de referencia aprobado o 16 de xaneiro de 2013, inclúe nos seus servizos o seguinte: *1.2.G. Atención psicosocial a vítimas de violencia de xénero.*

Resolución da Alcaldía de data 23/03/2020, resolve manter os procedementos de convocatoria e celebración de sesións da Xunta de Goberno Local, tanto en réxime de sesións ordinarias, como extraordinarias e urxentes, en relación cos procedementos excepciónados da suspensión de termos e prazos do Real Decreto 463/2020.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria de data 09/04/2020, acorda:

1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos: •A tramitación interna dos expedientes de contratación. •A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais. •A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación. •A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade. •A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3. •Procedementos de modificación de contratos. •Procedementos de cesión de contratos. •Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista. •Procedementos de prórroga dos contratos.

2º.- Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.

O programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero desenvólvese dentro da atención integral a vítimas de violencia de xénero que se ofrece no Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. A través deste programa, preténdese ofrecer unha atención psicolóxica individualizada aos fillos e fillas menores de idade de mulleres vítimas de violencia de xénero, consideradas/os vítimas directas da violencia de xénero e obxecto de protección e asistencia segundo a Lei Orgánica 1/2004.

Dada a súa natureza de servizo esencial, a prestación do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero non se viu suspendido durante o estado de alarma e continúa actualmente coa súa actividade, conforme co establecido no artigo 34.1 do RD 8/2020. Non obstante, o remate do contrato coa actual adxudicataria pode provocar a paralización da súa prestación, provocando un prexuízo a un sector da poboación en situación de especial vulnerabilidade social (menores vítimas directas da violencia de xénero sufrida polas súas nais). Precísase, por tanto, da continuidade nos trámites do expediente para a contratación mediante procedemento aberto simplificado deste programa, que asegure a prestación deste servizo público de carácter esencial.

Nesta situación, por tanto, concorren as circunstancias establecidas na disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, e prorrogado polos Rd 476/2020 e Rd 487/2020, para acordar motivadamente a continuación deste procedemento administrativo, ao ser indispensable para a protección do interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos, pois trátase dun servizo esencial conforme co establecido no Real Decreto-Ley 12/2020, de 31 de marzo, de medidas urgentes en materia de protección y asistencia a las vítimas de violencia de género.



Concello de Vigo

PROPOSTA:

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a tramitación do presente procedemento ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, e prorrogado polos RD 476/2020 e RD 487/2020 ao ter por obxecto a contratación dun servizo que responde a unha necesidade vinculada directamente a feitos do estado de alarma, que é precisa para o interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos públicos, e ao abeiro do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020.

2º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero.

3º.- Autorizar o gasto de 14.938,06 € para a contratación da xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero, que se imputará con cargo á partida presupostaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dos exercicios 2020 e 2021, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2020 imputarase 3.734,52 €, e no exercicio 2021 imputarase 11.203,54 €, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

4º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero de data 14.04.2020, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 10.03.2020."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(302).- NOMEAMENTO INTERINO DE CINCO DIPLOMADOS/AS EN TRABAJO SOCIAL PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 35688/220.

Visto o informe de fiscalización do 27/04/2020, dáse conta do informe-proposta de data 24/04/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, o Xefe da Área de Benestar Social coa conformidade da Concelleira delegada de Política Social, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de cinco diplomados/as en traballo social, xustificada na situación derivada da pandemia do COVID-19, que causou un enorme impacto nas persoas máis vulnerables e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, e considerando indispensable no contexto referido da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, o apoio aos Servizos Sociais que permita garantir o normal funcionamento da Área de Benestar Social; solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítense informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto.

O custo dos referidos nomeamentos imputaranse no que respecta a retribucións a aplicación orzamentaria 231.0.1300010 - Retribucións básicas-COVID-19 e, no que respecta aos custos da seguridade social con cargo a aplicación 2310.1600010 - Seguridade Social-COVID-19, partidas creadas especificamente no orzamento vixente para atender o incremento das demandas de atención inmediata producidas pola crise do Covid-19.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y***



Concello de Vigo

a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Excepcionalidade da suspensión de prazos. DA 3º RD 463/2020.

Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenden a totalidade dos trámites e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Con todo, a suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionarse, tal e como recolle a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020, nos seguintes supostos:

- 2.1. Medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifeste a súa conformidade
- 2.2. Cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo
- 2.3. Continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma,
- 2.4. Continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

No caso que nos ocupa, estamos ante a excepción contemplada no apartado catro anteriormente referenciado, sendo necesario para a protección do interese xeral a necesidade de incorporar persoal interino asignado a funcións no ámbito dos servizos sociais, polo que procede a continuación do procedemento administrativo de nomeamento interino de cinco traballadores/as sociais, baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro (expte 35688-220)

III.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal, o 31 de decembro de 2020.



Concello de Vigo

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.81-diplomados en traballo social), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica do Xefe da Área de Benestar Social coa conformidade da Concelleira delegada de Política Social, manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro auxiliares de administración xeral, xustificada na situación derivada da pandemia do COVID-19, que causou un enorme impacto nas persoas máis vulnerables e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas; así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 18 de marzo de 2021 de abril de 2020, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento do servizo de Benestar, ante a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionado polo COVID-19; resulta necesario a incorporación de cinco diplomados en traballo social por acumulación de tarefas .

Tendo en conta o anterior, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 31 de xaneiro de 2020, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

V.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de cinco traballadores/as sociais para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **99.747.05 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **26.291,10 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Igualmente se fai constar que: "O custo dos referidos nomeamentos imputaranse no que respecta a retribucións a aplicación orzamentaria 231.0.1300010 - Retribucións básicas - COVID-19 e, no que respecta aos custes da seguridade social con cargo a aplicación 2310.1600010 - Seguridade Social-COVID-19, partidas creadas especificamente no orzamento vixente para atender o incremento das demandas de atención inmediata producidas pola crise do Covid-19."

VI. - Verificación das listas de reserva.

Ante a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise



Concello de Vigo

sanitaria ocasionada polo COVID-19, e como consecuencia inevitable da referida situación de imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo; dado que a lista de reserva actualmente vixente non dispón de efectivos suficientes, e preciso recurrir, puntual e excepcionalmente a listas anteriores a fin de garantir a incorporación dos efectivos solicitados, excepcionando unicamente neste caso e dadas as circunstancias descritas o punto V dos vixentes Criterios de Xestión de listas de reserva no ámbito do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno local, e que establecen con carácter xeral unha caducidade de tres anos das listas.

A este respecto, indicar que consta comunicación electrónica de data 21/04/2020, manifestando a conformidade do Comité de Persoal para utilizar “*dunha maneira excepcional e a vista do COVID19*”, a utilización da bolsa de traballadores/as sociais.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Traballadores/as Sociais a, X Saavedra Cotilla con dni ***6029**, A Rodríguez González con dni ***8934**, M A Malvido Rodríguez con dni***3957** e S Rial Casal con dni ***5733**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

- *Debido a necesidade urxente do nomeamento de cinco Traballadores/as Sociais e unha vez verificada a listaxe anterior onde so poden acceder catro persoas, por non existir na lista de reservas máis aspirantes, verificada excepcionalmente as listaxes de reserva caducadas, ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19; e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como traballadora social a, S González Morales con dni ***7503**..”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VII. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e

Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de nomeamento interino de cinco diplomados/as en traballo social (expte 35668-220), ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a causa de interese xeral concretada na necesidade urxente de incorporación de persoal interino asignado a funcións no ámbito dos servizos sociais.

SEGUNDO.- Declarar a urxencia no nomeamento de cinco funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como diplomados/as en traballo social, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, finalizando a relación de servizo, transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do **Servizo de Benestar Social**. En consecuencia, autorizar o gasto por importe de **99.747,05 €**, xunto coa cantidade de **26.291,10 €**, en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Elo, e polo que respecta a retribucións, con cargo á aplicación orzamentaria 231.0.1300010 - Retribucións básicas-COVID-19 e, no que respecta aos custes da seguridade social con cargo a aplicación 2310.1600010 - Seguridade Social-COVID-19, partidas creadas especificamente no orzamento vixente para atender o incremento das demandas de atención inmediata producidas pola crise do Covid-19.

TERCEIRO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como diplomados/as en traballo social a *X Saavedra Cotilla con dni ***6029***, *A Rodríguez González con dni ***8934***, *M A Malvido Rodríguez con dni***3957*** e *S Rial Casal con dni ***5733***, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva; e a *S González Morales con dni ***7503***, de conformidade coas listaxe caducada, utilizada excepcionalmente ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, todo elo á vista dos datos proporcionados polo programa informático para a xestión das listas de reserva.

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 81-diplomados/as en traballo social), sendo adscritos/as ao Servizo de Benestar Social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes



Concello de Vigo

e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(304).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA FESTA DA CULTURA 2020. EXPTE. 3244/330.

Visto o informe xurídico do 31/03/2020 e o informe de fiscalización do 22/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/03/2020, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 13 de febreiro do 2020, a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da Festa da Cultura 2020; por este motivo, con data 14 de febreiro do 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades, motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.

A Festa da Cultura 2020 realizarase o días 10 e 11 de xullo do 2020 ou na Praza de Compostela dado que as obras na Porta do Sol imposibilitan a realización desta festa no emprazamento dos anos anteriores.

O emprazamento obtivo informe favorable do Departamento de Seguridade e Mobilidade do 12.03.2020.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 21.115 € (vinteún mil cento quince euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (47,35 %)
- Aportación da Agrupación de Centros Culturais: 11.115,00 € (52,64%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 27.03.2020.
- Escrito de conformidade coa non suspensión de prazos administrativos pola declaración do Estado de Alarma presentado na sede electrónica o 27.03.2020.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo para a organización da Festa da Cultura 2020, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos bási-



Concello de Vigo

cos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2020, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” ten como obxecto financiar a organización da Festa da Cultura 2020, figurando na aplicación **3340.480.00.11** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Respecto a tramitación cabe sinalar que a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, determina a suspensión dos trámites e interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Nembargantes a dita disposición adicional 3ª do RD 463/2020, do 14 de marzo determina que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrucción estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Visto que a entidade interesada manifestou a súa conformidade con continuar a tramitación do expediente e que non se suspenda o prazo, procede a continuidade na tramitación do expediente polo que co visto e prace do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO- Continuar a tramitación do expediente administrativo de subvención nominativa mediante convenio entre o Concello e a "Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo" para o desenvolvemento da Festa da Cultura 2020 xa que se acreditou no expediente a conformidade do interesado de que non se suspenda o prazo e desta forma evítase un prexuízo grave nos dereitos e intereses do administrado.

SEGUNDO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF. G-36.791.291, para o financiamento da Festa da Cultura 2020 ; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 "AGRUPACIÓN CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, FESTA DA CULTURA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da Festa da Cultura 2020

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "FESTA DA CULTURA 2020"

En Vigo, na data da sinatura dixital



Concello de Vigo

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante **CONCELLERÍA**), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D^a. M^a Concepción Álvarez Abalde, DNI 36.007.968-L, como presidenta da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais (CIF G-36.791.291) (en adiante a **ENTIDADE**), con enderezo social en rúa Ecuador, nº 34 local baixo, CP 36203, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades, motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO**", como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.11, como subvención nominativa, a favor da **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, FESTA DA CULTURA** a cantidade de 10.000 euros.

IV.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a Festa da Cultura 2020, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 21.115 € (vinteún mil cento quince euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (47,35 %)*
- Aportación da Agrupación de Centros Culturais: 11.115,00 € (52,64%)*

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A Festa da Cultura 2020 realizarase o días 10 e 11 de xullo do 2020 ou ben na Praza de Com - postela ou na Praza de Beiramar, xunto á Escultura do Salto, dado que as obras na Porta do Sol imposibilitan a realización desta festa no emprazamento dos anos anteriores.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Dona María Concepción Álvarez Abalde, presidente da entidade.*
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*



Concello de Vigo

6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.

7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Go-



Concello de Vigo

berno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2020.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*

- ▣ *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- ▣ *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*
- ▣ *Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.*
- ▣ *Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2020 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).



Concello de Vigo

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subVENCIÓN, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subVENCIÓN no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subVENCIÓN até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subVENCIÓN, procederá ao reintegro da subVENCIÓN na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subVENCIÓN sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subVENCIÓN a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subVENCIÓN obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subVENCIÓN, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2020, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO DA ACTIVIDADE

Escenario	3.640,00 €	
Toma Eléctrica	950,00 €	
Cartelería	900,00 €	
Servicios Preventivos	450,00 €	
Vigilancia Nocturna	850,00 €	
Actuacións grupos	7.500,00 €	
Catering grupos	1.850,00 €	
Equipo de traballo	2.150,00 €	
Reportaxe fotográfico	1.075,00 €	
Publicidade	800,00 €	
Agasallos grupos participantes	300,00 €	
Valados	650,00 €	
	TOTAL:	21.115,00€
Importe para el que se solicita subvención		10.000,00€
Importe asumido por la Agrupación de Centros Culturales		11.115,00€

13(305).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº 7”. EXPTE. 4637/443.

Visto o informe de fiscalización do 22/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/04/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería de Política Social, a través de dilixencia asinada polo Xefe da

Área de Benestar Social en data 12.03.2020, remítese para a súa tramitación proxecto redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo de "BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº 7", cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS CORENTA MIL EUROS (640.000,00EUROS).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 13.04.2020, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 26.06.2019 e 18.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación desenrólase na Praza da Princesa n.º 7 e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Propónse inicialmente o desmontaxe de mobiliario, e os servizos existentes tanto de fontanería, eléctricos e redes de datos con acopio dos materiais que se vaian a reutilizar, así como o desmontaxe da carpintería exterior na planta baixa, e o elevador existente.
- A continuación efectuarase a demolición de tabiquería interior nunha zona da planta 1ª e total na entreplanta, planta baixa e sótano, así como a escaleira de comunicación entre o sotano e o portal de acceso común a o edificio. A continuación se procederá ao desmontaxe e demolición dos forxados existentes da entreplanta e planta baixa, previa demolición da cuberta planta transitable no teito do baixo.
- Unha vez baleirado o interior destas plantas procederase a reconstrución da escaleira que comunica o sotano co portal de acceso a base de perfilería metálica, coa súa corresponde varanda de protección, nova instalación de elevador no oco existente, formación de lousa de formigón armado HA-25/P/20/I, según detalles de planos no teito do sótano, instalación de cargadeiros de perfíles de aceiro S275 JR. Reposición de rede de evacuación de augas residuais tanto vertical como horizontal suspendida esta última.
- Formación de nova cuberta transitable a base de soleira de formigón en formación de pendentes cos illamentos indicados en proxecto así como o lucernarios indicados. Prevese tamén a limpeza superficial da cuberta do edificio coa reposición e reparación de material de cobertura, canalóns e baixantes que se atopen danados.
- Posterior formación de tabiques de separación entre locais húmidos e accesos a base de bloque de formigón e ladrillo HD colocado a panderete, con posterior enfoscado de area e cemento, con posterior colocación de alicatado en aseos e locais húmidos.
- Formación de cámaras a base trasdosado de sistema de paneis de xeso laminado sobre estrutura de aceiro galvanizada co correspondente illamento térmico_ acústico,



Concello de Vigo

tabiquería interior a base de divisións de sistemas de paneis de xeso laminado sobre estrutura de aceiro galvanizado con illamento acústico no seu interior a base de la mineral.

- Pavimentos cerámicos en aseos sobre soleira de cabit, pavimento no resto a base de Linoleum en planta baixa, repaso de acoitelado e vernizado no solo da planta 1ª, e falsos teitos continual de placas de xeso laminado perforado, aparafusado a estrutura de aceiro galvanizado, solado de gres na terraza transitable.
- Distribución interior a base de mamparas de aluminio con paneis cegos de cartón xeso en formación de despachos, en plantas baixa en primeira, e módulos de cabinas sanitarias a base de taboleiros de fibras fenólicas, cos seus correspondentes portas de paso e ferraxes especiais.
- Carpintería exterior a base, de perfilaría de madeira de pino Oregon, cos seus correspondentes ferraxes de colgar e seguridade, con dobre acristalamento. Así como a reparación do balcón de forxa existente.
- Nova instalación de fontanería cos seus correspondentes aparatos sanitarios, electricidade voz e datos, protección contra lumes, e previsión de mobiliario nos despachos y zonas de atención ao público.
- Acabados interior a base de pinturas en paramentos verticais e horizontais, así como tratamentos especiais tanto na fachada exterior (cantería), como os elementos metálicos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 8 meses.

IV.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 13.04.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

No aspecto urbanístico o edificio en cuestión atopase en solo urbano consolidado, dispón de servizos urbanísticos para a parcela en cuestión ter a consideración de solar, atopase dentro do ámbito do PEPRI Caso Vello, recollido no documento de I.O.P e PXOU/93, recollida dita edificación nunha ficha urbanística co nº de parcela 13 e con grado de catalogación ambiental, en dita ficha están permitidas as obras tendentes a súa restauración e obras tendentes a reforma para dotación de servizos hixiénicos, novas instalacións, consolidación ou reforzo das partes danadas da estrutura, conservación e reparación de elementos estruturais ou decorativos deteriorados e recuperación das varandas e carpinterías exteriores.

Sendo os elementos a protexer segundo a ficha as fachadas de pedra , miradoiros, balcóns e varandas, carpinterías de madeira e placas.

Tendo en conta que todas as obras descritas de acordo co proxecto presentado tratan de dar solucións a elementos deteriorados e manteñen os elementos de valor que determinan as fichas, entendese que as mesmas están amparadas polas ordenanzas municipais.

Por outro lado tendo en conta a Lei de Patrimonio da Xunta L 5/2016 de 4 de maio, publicada no DOGA de data 16/05/2016, no seu CAPITULO III, artigo 58 determina que trala aprobación do plan especial de protección os concellos serán competentes para autorizar as intervencións nos bens declarados de interese cultural como e caso. A súa vez tendo en conta o apartado 2 de dito articulo deberá de comunicarse trimestralmente a Consellería competente na materia as autorización ditadas. O que se efectuará unha vez que resulte aprobado pola X.G.L. dito expediente de rehabilitación do edificio mencionado.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado. A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do



Concello de Vigo

Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

VI.- Xustificación da tramitación durante o Estado de Alarma. O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, establece na súa Disposición Adicional Terceira, a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos administrativos das entidades do sector público; non obstante o cal o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo, así como acordar motivadamente a continuación de aqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

A tramitación do expediente de aprobación do antedito proxecto trátase dunha actuación necesaria para do funcionamento dun servizo básico, de prestación obrigatoria -a atención a persoas en situación ou risco de exclusión social e a avaliación e información de situacións de necesidade social- en adecuadas condicións, funcións estas que xe veñen desenvolvendo nos Centro Municipais de Servizos Sociais, polo que é de interese xeral a tramitación do presente expediente.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 09.04.2020 acordou, entre outros, excepciónar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos a tramitación interna dos expedientes de contratación. Este expediente forma parte da necesaria tramitación do expediente de contratación de obras xa que é un acto preparatorio e preceptivo do mesmo.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o **PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº 7**, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS CORENTA MIL EUROS (640.000,00EUROS), e sinatura dixital de data 13.04.2020.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Programa “Vigo a favor da Igualdade Social e Dixital”.Expte. 9611/113.

- .- Adxudicación do contrato de desinfección masiva de vías publicas mediante vehículos cisterna pola crise COVID-19, por tramitación de emerxencia. Expte. 7470/252.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

14(306).- PROGRAMA “VIGO A FAVOR DA IGUALDADE SOCIAL E DIXITAL”.EXPTE. 9611/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/04/2020, asinado polo xefe do servizo de Administración electrónica, a xefa do servizo Educación, a xefa do servizo Participación Cidadá, o xefe de Área de Benestar Social, o concelleiro-delegado de Área de Educación e Xuventude, a concelleira-delegada de Área de Política de Benestar Social, o concelleiro-delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e a concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

A actual crise sanitaria provocada pola pandemia do COVID-19 xunto coa suspensión da actividade presencial no eido escolar puxo de relevo a repercusión da brecha dixital en entornos desfavorecidos.

Neste contexto, mediante a Resolución da Alcaldía de 27 de abril de 2020, de adopción do paquete de medidas para paliar o Covid-19 número 22, instouse a posta en marcha dunha actuación conxunta das Concellarías con competencias delegadas nas materias de Administración Electrónica, Benestar Social, Educación e Participación Cidadá, baixo a coordinación da Concellaría delegada de Xestión municipal co fin de mellorar o acceso ás Tecnoloxías da Información e Comunicación, prioritariamente destinada á nenas e nenos de familias sen recursos; reducir a desigualdade dixital e ofrecerlle apoio educativo, tratando de paliar así, os efectos da crise sanitaria provocada polo COVID-19 na poboación escolar viguesa.

PROPOSTA DO PROGRAMA “VIGO A FAVOR DA IGUALDADE SOCIAL E DIXITAL”

Esta actuación **consiste** na recollida de equipamento informático das persoas e entidades que voluntariamente decidan unirse a esta iniciativa, a fin de que unha vez que sexan tratados para garantir a súa viabilidade e asegurar a eliminación de datos persoais, poidan ser distribuídos para a súa reutilización entre a poboación en idade escolar máis vulnerable, preferentemente primaria e infantil.

Os **obxectivos** que persegue este proxecto consisten fundamentalmente en:

1. Achegar os medios TIC aos sectores da poboación escolarizada máis vulnerable a fin de reducir a desigualdade dixital no ámbito escolar.
2. Achegar solucións tecnolóxicas que melloren a vida das persoas a través das TIC.
3. Acadar a participación de empresas e entidades sociais para a xeración de valor social.
4. Dotar dunha segunda vida útil a equipos informáticos fomentando a súa reutilización e mellorando así a protección ambiental.

Esta actuación organizarase mediante o desenvolvemento das seguintes **accións**:

1. Detección de necesidades polas Concellarías con competencias delegadas en materia de Educación e de Benestar Social.
2. Recollida de equipos a través do servizo de voluntariado. Os equipos non deben conter datos de carácter persoal aloxado en ningún dos seus elementos, e serán recollidos previa identificación e suscripción de declaración responsable, referenciada como Anexo I.
3. Preparación dos equipos a través de entidades colaboradoras e baixo a supervisión de Administración electrónica.

- Limpeza e desinfección física do equipo.
- Avaliación. En caso de que non sexa recuperable, será depositado no punto autorizado de recollida de residuos.
- Reparación do equipo se fosen avarías de pequena entidade.
- Limpeza e formato de datos, para evitar o traspaso de datos persoais a terceiros.
- Instalación e equipamento con Software Libre, ou mantemento nos termos legais.

4. Selección e priorización por parte do Servizo de Benestar Social das persoas destinatarias dos equipos preparados.

5. Entrega de equipos a través do servizo de voluntariado pola orde comunicada polo servizo de Benestar social.

No momento da entrega a persoa legalmente responsable da nena ou neno beneficiarios do proxecto, asinará o compromiso de repectar o destino do equipo entregado ao uso escolar, e de remitilo ao punto limpo municipal ao fin da súa vida útil. Para os efectos de evitar disfuncións con outras actuacións ou iniciativas relativas á dotación de medios de ensino dixital, deberán tamén declarar que non dispoñen de equipos. Aos efectos precedentes, suscribírase a correspondente declaración responsable referenciada como anexo II.

6. Naqueles supostos en que resulta indispensable para o seguimento do curso escolar unha conexión a internet poderá dotarse á unidade familiar de un router 4G e dos servizos de internet polos períodos en que estea suspendida a actividade presencial escolar ou resulte xustificada esa necesidade, previa valoración dos servizos sociais ou educativos e logo da tramitación do expediente que proceda.

O programa terá unha **duración** inicial de 6 meses, puidendo ser obxecto de ampliación por resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.

En relación cos **gastos** que pode comportar a execución deste programa, déixase constancia de que as actuacións inicialmente previstas (detección de necesidades, recollida, reparación, preparación e instalación de software, entrega de equipos, etc.) executaranse con medios propios municipais coa concorrencia da colaboración voluntaria de persoas e entidades colaboradoras diversas que achegan medios materiais e humanos. No caso de que, con posterioridade, como consecuencia do desenvolvemento do programa, se detecten novas necesidades e sexan precisas actuacións mediante o recurso a servizos ou medios que comporten algún gasto, tramitarase o oportuno expediente que se someterá á fiscalización da Intervención municipal nos termos que legalmente proceda, de ser o caso.



Concello de Vigo

Anexo I

Modelo de Declaración de persoas/entidades participantes que achegan equipos

Dna/D -----, con D.N.I. ----- no seu propio nome /en representación da entidade ----- con NIF ----- (segundo consta en documento que achega), declara baixo a súa responsabilidade que:

1º. Desexa participar no programa “Vigo a favor da igualdade social e dixital” aceptando integramente os seus termos e condicións.

2º. Exclusivamente aos fins previstos no programa “Vigo a favor da Igualdade Social e Dixital”, achega os seguintes equipos informáticos dos que declara ser persoa propietaria e que se identifican polas seguintes características:

Marca -----e S/N (números de serie)-----

3º. O valor residual dos equipos achegados ao programa antes descrito é cero, pero os equipos continúan funcionando e seguen sendo productivos.

4º. Foron eliminados todos os datos persoais de todos os seus elementos integrantes.

5º. Os equipos serán recollidos nos domicilios das empresas ou das persoas participantes

6º. Queda informada de que en caso de que o equipo non reúna as condicións precisas para a súa reutilización, o Concello de Vigo procederá á súa reciclaxe consonte á normativa vixente.

7º. Declara expresamente á súa renuncia á recuperación dos equipos achegados ao programa.

Anexo II

Modelo de declaración de recepción e compromiso das persoas responsables legais das nenas e nenos beneficiarios do programa.

Dna/D -----, con D.N.I. ----- representante legal de (identidade da nena/neno -----), declara baixo a súa responsabilidade que:

1º. Que carece de equipos TIC que permitan desenvolver as tarefas escolares, comprometéndose a comunicar ao Concello calquera entrega ou beneficio para a mesma finalidade como consecuencia do desenvolvemento doutros programas ou iniciativas por parte doutras entidades ou Administracións.

2º. Como beneficiaria do programa “Vigo a favor da igualdade social e dixital” aceptando integramente os seus termos e condicións recibiu o equipo informático na data de sinatura.

3º. Expresa o seu compromiso de respectar o destino do equipo informático ás necesidades educativas do menor ao seu cargo.

4º. Tamén se compromete a remitilo ao punto limpo municipal ao fin da súa vida útil.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O Concello conta con competencias nas materias afectadas en virtude dos apartados e), n) e ñ) do art. 25.2 e art. 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Corresponde a aprobación de plans e proxectos á Xunta de Goberno local en virtude da delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno local do 18 de xuño de 2019.

Concorren neste caso as circunstancias de excepción á suspensión dos procedementos establecidos pola D. Ad. 3ª, apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 na súa redacción vixente, posto que o obxecto deste expediente consiste precisamente en facilitar o acceso igualitario dos nenos e nenas da cidade de Vigo aos medios de ensino dixital ante a necesidade de empregar medios TIC como consecuencia das medidas adoptadas fronte á pandemia, de suspensión da actividade presencial nos centros educativos.

O programa deberá ser obxecto de publicidade activa, consonte á Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información Pública e Bo goberno.

En virtude do exposto e, en cumprimento da Resolución da Alcaldía do 27 de abril de 2020, elévase á Xunta do Goberno local a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro. Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 na súa redacción vixente, a continuación do procedemento incoado para a aprobación do “PROGRAMA VIGO A FAVOR DA IGUALDADE SOCIAL E DIXITAL”, por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa estreita vinculación cos feitos xustificativos do estado de alarma, a protección do interese xeral e o funcionamento básico dos servizos sociais.

Segundo. Aprobar o PROGRAMA “VIGO A FAVOR DA IGUALDADE SOCIAL E DIXITAL” nos termos expostos xunto coas declaracións anexas (anexos I e II).

Terceiro. Encomendar a execución do programa ás Concellarías das Áreas de:

- Educación e Xuventude,
- Política de Benestar Social e Cíes Patrimonio da Humanidade,
- Cultura, Emprego e Participación Cidadá,
- Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, que coordinará o desenvolvemento do programa.

Cuarto. Dar conta do presente acordo ás Concellarías implicadas, ao Comité de Seguimento COVID-19, e publicar o Programa no portal de transparencia municipal onde incluírán un panel coas aquelas entidades colaboradoras.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

15(307).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE DESINFECCIÓN MASIVA DE VÍAS PÚBLICAS MEDIANTE VEHÍCULOS CISTERNA POLA CRISE COVID-19, POR TRAMITACIÓN DE EMERXECIA. EXPTE. 7470/252.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/04/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.

2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Segundo.- En data 29 de abril, o xefe do servizo de Limpeza elabora memoria xustificativa na que pon de releve a necesidade de contratar o servizo de desinfección masiva das vías públicas para dar resposta ás necesidades de limpeza e desinfección derivadas do estado de alarma pola crise sanitaria COVID-19, identifica as características do contrato que preten- de celebrar e xustifica a elección do contratista, MANTEN S.L.

As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é o servizo de desinfección masiva das vías públicas, segun- do necesidades, mediante pulverización de líquido desinfectante dende un camión.
- Os prezos unitarios (ive 21% engadido) son:
 - Xornada diurna (pode ser de 7: 00 a 15:00 ou de 15:00 a 23:00): 1.143 €
 - Xornada nocturna (de 23:00 a 7:00): 1.400 €
- O prazo de execución do contrato é indeterminado en función das circunstancias mentres dure a crise do COVID-19. A efectos orzamentarios estimase unha duración aproximada de 3 meses (aproximadamente 252.316,46 € IVE incluído). Comezará dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ao contratista e durante a duración do estado de alarma, ou ata que as condicións da alerta sanitaria conclúan.
- O responsable do contrato será o xefe do servizo de Limpeza.
- Forma de pagamento: mediante a presentación de facturas mensuais nas que se acreditarán o número de xornadas diurnas e nocturnas efectuadas nese período, que aboaranse consonte os prezos unitarios fixados.

Terceiro.- O licitador seleccionado, MANTEN, S.L. (CIF: B-36.938.827), declara que ten ap- titude para contratar.

Cuarto.- Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria do exercicio 2020 1630.2279900 “Contrato de desinfección de espazos públicos” e a súa bolsa de vinculación.

Ao non existir crédito suficiente, unha vez adoptado o acordo, deberá procederse á tramita- ción dunha modificación orzamentaria para a súa dotación.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramítaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia se caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

"1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.

2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia".

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ao coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal.

A situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 xera a necesidade de que as Administracións desenvolvan unha labor de limpeza e desinfección extraordinaria para evitar a propagación do virus entre a poboación. As entidades locais teñen entre as súas competencias propias a “Protección da salubridade pública” e a limpeza viaria sendo esta última unha competencia obrigatoria (artigos 25.2.j e 26.1.a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

-II-

DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Renderase a conta xustificativa do libramento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

-III-

DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE AO GASTO

Pola súa natureza este gasto resulta imputable á aplicación orzamentaria do ano 2020 1630.2279900 “Contrato de desinfección de espazos públicos” e a súa bolsa de vinculación, que ten crédito suficiente para aboar o prezo deste contrato.

Ao non existir crédito suficiente nesta aplicación, unha vez adoptado o acordo, deberá incrementarse á súa dotación. En consecuencia, procede acordar a incoación da oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 1630.2279900 do estado de gas-



Concello de Vigo

tos do vixente orzamento municipal, do crédito necesario para facer fronte ó gasto que se deriva do presente expediente.

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º Adxudicación do contrato de servizos de desinfección masiva das vías públicas, á empresa MANTEN, S.L. (CIF B-36.938.827), aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da LCSP, coas seguintes características:

- *O obxecto do contrato é o servizo de desinfección masiva das vías públicas, segundo necesidades, mediante pulverización de líquido desinfectante dende un camión.*
- *Os prezos unitarios (ive 21% engadido) son:*
 - *Xornada diurna (pode ser de 7:00 a 15:00 ou de 15:00 a 23:00): 1.143 €*
 - *Xornada nocturna (de 23:00 a 7:00): 1.400 €*
- *O prazo de execución do contrato é indeterminado en función das circunstancias mentres dure a crise do COVID-19. A efectos orzamentarios estimase unha duración aproximada de 3 meses (aproximadamente 252.316,46 € IVE incluído). Comezará dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ao contratista e durante a duración do estado de alarma, ou ata que as condicións da alerta sanitaria conclúan.*
- *O responsable do contrato será o xefe do servizo de Limpeza.*
- *Forma de pagamento: mediante a presentación de facturas mensuais nas que se acreditarán o número de xornadas diurnas e nocturnas efectuadas nese período, que aboaranse consonte os prezos unitarios fixados.*

2º.- Incoación da oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 1630.2279900 “Contrato de desinfección de espazos públicos” do estado de gastos do vixente orzamento municipal, do crédito necesario para facer fronte ó gasto que se deriva do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(308).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez